

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E A FUNDACIÓN BIOMÉDICA GALICIA SUR PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DO PERSOAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA QUE:**

A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde formalizou o 08.09.2021 o convenio arriba referido coa Fundación Biomédica Galicia Sur, por un período de vixencia de dous anos, a contar dende a data da súa sinatura, podendo prorrogarse de común acordo por outro período de dous anos cando as circunstancias do cumprimento do seu obxecto así o aconsellen.

O instrumento convencional ten por obxecto establecer fórmulas de colaboración entre as partes no ámbito formativo e fomentar canais de comunicación comúns, ofrecendo aos profesionais da Fundación unha formación avanzada e de calidade.

A través do decreto 112/2015, do 31 de xullo, creouse a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), adscrita á consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde. Entre os seus fins xerais e obxectivos básicos está o de elaborar, en réxime de descentralización funcional, a planificación en materia de docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, en función dos criterios e obxectivos de planificación estratéxica definidos polo Servizo Galego de Saúde e pola Consellería de Sanidade e xestionar o coñecemento no Sistema Público de Saúde de Galicia.

A presidencia da ACIS correspóndelle á persoa titular da Consellería de Sanidade.

A Fundación Biomédica Galicia Sur, con domicilio no Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, ten o obxecto de impulsar a investigación, a docencia, a formación, o desenvolvemento científico-tecnolóxico e a innovación no ámbito sanitario e en Ciencias da Saúde, así como a realización doutras actividades que poidan contribuír á consecución do obxecto fundacional, caracterizado polo interese xeral galego.

O obxecto deste desenvolvemento fundacional poderá realizarse directamente pola Fundación ou mediante a colaboración con outras entidades, organismos, institucións ou persoas que contribúan á consecución dos fins fundacionais.

Dentro das súas competencias, a formación continuada dos profesionais do Sistema público galego de saúde é unha prioridade para a ACIS de acordo co unha serie de principios como son:

- Diseñar e renovar de maneira continuada unha oferta de actividades que acheguen

valor aos profesionais de todas as áreas e especialidades a través de coñecemento aplicable á súa práctica diaria.

- Mellorar a capacidade de todos os profesionais, independentemente das súas funcións, para a xestión, a adaptación e o liderado nos procesos de transformación que permiten que o sistema de saúde evolucione de forma áxil e efectivo.
- Incrementar a calidade e a competitividade do conxunto do sistema a través da mellora da produtividade e das competencias de cada un dos seus profesionais.
- Intensificar a motivación e o nivel de compromiso das persoas que traballan ao servizo do sistema sanitario.

Dentro da súa actividade, a ACIS oferta cursos na modalidade de autoformación aos profesionais do Sistema público galego de saúde, coa que facilita o acceso á formación en materias concretas, con accesibilidade e aprendizaxe autónoma. Trátase de cursos que se imparten en liña pero, a diferenza dos cursos de teleformación tradicionais, non precisan de titores, polo que o proceso de aprendizaxe se realiza de xeito autónomo, coa posibilidade de acceder aos contidos sen restrición de días ou de horarios, dentro do período de dispoñibilidade que se sinala para cada unha das actividades formativas.

A oferta desta actividade formativa é cada vez maior e, en moitos casos, trátase de materias de carácter horizontal que poden ser tamén de interese para o persoal da Fundación.

Ambas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración no ámbito formativo e fomentar canais de comunicación comúns e ofrecer aos profesionais da Fundación unha formación avanzada e de calidade.

Os intereses converxentes das partes asinantes non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago,

